



Apresentado o filme "Gallego"

Un achegamento cinematográfico á emigración galega

O Xoves 25 de Febreiro estreouse no Teatro Principal de Compostela a co-producción galego-cubana "Gallego". A excepción era moita por ver na pantalla a novela de Miguel Barnet que leva o mesmo título, estando presentes autoridades como o Presidente da Xunta, González Laxe, o Ministro de Cultura cubano, Armando Hart, Luis Yáñez, presidente do Instituto de Cooperación Iberoamericana e o agregado cultural da embaixada de Cuba en Madrid Mario Averoff. A versión apresentada foi en español, ainda que para a TV galega vai ser dobrada e terá unha metraxe moi mais longa.

A novela do escritor cubano Miguel Barnet, "Gallego", vceu dar felizmente nunha obra cinematográfica. No deserto de ideas e actividades culturais non museísticas que padecemos por desfíos das institucións, "Gallego" ven supor un precedente de colaboración entre o Instituto Cinematográfico Cubano —ICAIC—, a TVG e a Xunta da Galiza, que é interesante atender e mesmo ampliar a outras iniciativas con organismos doutros países que moito teñen a ver co noso.

Aplicábamos ao comezo desta crónica o calificativo de "felizmente", non sen saber que foron varias as opiniões críticas que a creación "Gallego" recolleron. Mais pensamos que en primeiro lugar o valorable aquí é a idea e o proxecto de colaboración, pero sobre todo que este proxecto fose levado a cabo con dignidade, luxindo do terreo ominoso e desbaratador dos tópicos. A emigración require un tratamento en todos os eidos culturais galegos más extenso, pero sobretodo rigoroso e honesto. Campo para a inspiración non faltará e xéneros cinematográficos ou literarios fixáronse con menos material básico.

Obviamente non é Sancho Gracia o actor máis chamado a interpretar a personaxe de emigrante galego. O seu case único rexista, a rastes entre a valentonaria e a mediocridade causan arrepiño ao que se vai adentrar na función, ainda que logo de visto podemos dizer aquilo de pudo ser pior. É más aceitável; por exemplo, un Galiana, no seu papel secundario ou mesmo o resto do plantel sobradamente conocido na sua maior parte no cine español.

E neste sentido que teñen cabida críticas diversas a obra —Sancho Gracia apenas cambia de aspecto co paso dos anos— ou, no terreno idiomático, mentres fai cri-

bel a película o acento cubano das personaxes desta nacionalidade, chama negativamente a atención o tono vallecano do encargado de interpretar ao mozo de aldea, futuro emigrante, que por outra parte tamén denota nos movementos, a sua condición urbana, dificultades estas defice de resolver sen un importante traballo de actores.

Algunh pode calificar o filme de testemuña. A sua trama non está baseada por exemplo na intriga ou noutra das lingüexas do cine que nos é más frecuente. Pero si é cine a testemuña, o modelo que ten un fondo social e histórico, como nos tem demostrado unha cinematografía tan libre de sospeita e de tanto calidade como a italiana. Non é difícil encontrar, por exemplo, alguma semellanza entre o último fin dos Taviani "Good morning, Babilonia" e "Gallego": mozos emigrados, con traballos difíceis e penalidades nas Américas prometida, cun pao (no caso de "Gallego", un avó) referencia esencial que agarda, a emoción e solidariedade ante o encontro con outros compatriotas en terra estraña e mesmo a volta a unha guerra (no caso dos Taviani a I Guerra Mundial e neste a Guerra Civil). Cine, polo tanto, o de Manuel Octavio Gómez (director da película, recentemente falecido) lexítimo —coa salvedade de interpretacións subliminalmente apropiísticas— e que soube medir con tacto e sensibilidade pouco frecuentes o carácter e circunstancias do mundo da emigración. Dentro das limitacións, que impón o cine sobre a literatura, neste caso a novela de Barnet —o que non impidiu unha conducción e ritmo adecuado— no filme "Gallego" sintetizanse algunas das motivacións e clímax do emigrado, nas que sen dúbida os que padeceron ou padecen a experiencia chegarán a reconéixerse.

M.V.

As interpretacións de Pedro Fernández del Riego, de Uxío Novoneyra, de Xosé María Dobarrío, de Cipriano Jiménez, de Pilar Vázquez Cuestia, Xavier Alcalá, María do Canto, de Xosé Ramón Barreiro, Ramón

Fernández del Riego recibiu o premio que concede o Patronato Amplo programa de congresos no ano adicado a Otero Pedrayo

En Marzo do 1888 nació en Ourense Ramón Otero Pedrayo. Cen anos, pois, cumpre agora nun ano que tem sido declarado institucionalmente adicado á súa figura e que vai centrar, con más atención que no Ano Castelao, a atención cultural do país. Cinco simposios, exposiciones, documentais, e infinitade de actos, además da reedición, ainda non completada, das suas obras centrarán a atención na trascendencia de Otero para a cultura da Galiza.

Coincidía a reunión do patronato Otero Pedrayo, para conceder o Prémio que leva o seu nome, co lanzamento das programacións que van encher este ano do centenario do Patriarca: Francisco Fernández del Riego era o agasallado, anunciado desde días antes como xustamente inevitable nos medios de comunicación. O luns a Consellería de Cultura, o Consello da Cultura Galega, Universidade, Fundación Barrié, Consellería de Educación e Fundación Otero Pedrayo, facían pública unha campaña que non vai ter as limitacións orzamentarias e de apoio oficial que no ano 1986 padeceran os organizadores dos actos do Ano Castelao.

Cinco simposios e unha mostra itinerante

En Xuño, Setembro, Novembro e Decembro celebráronse cinco reunións científicas que abordarán a ampla perspectiva interdisciplinar e histórica que a vida e a obra de Otero deseñan. Do 16 ao 19 de Xuño "Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia", dirixido por María Pilar Torres Luna, María Luisa P. Fariña e Xulio Hernández Borge. Do 22 ao 24 de Setembro "Otero Pedrayo no panorama literario do século XX", coordinado por Anxo Torrijo, Henrique Monteagudo e Dario Villanueva. A vertente política, abordarase o 29 de Setembro ao 1 de Outubro nun encontro baixo o rubro xeral "Os nacionalismos na II República", dirixido por Xosé Ramón Barreiro, Ramón



En Braga no ano 1965

Villares e Xusto G. Beramendi. "Identidade e Territorio" coordinado polos profesores Fernández da Rota e González Reboredo do 10 ao 12 de Novembro e "Historia Rural (séculos XVIII-XX)", dirixido por Xan Carmona, R. Vilalba e Pepeiro Saavedra completan o amplo programa previsto. Os encontros desenvolrían fundamentalmente en Compostela e no Pazo da Mariñán, procedéndose a clausuras no Pazo de Trasalba, que nestes días está rematando a punto a punto do Auditorio, instalado nos seus baixos, e que, apesar da distancia da capital

Francisco Fernández del Riego era o indiscutido destinatario do Prémio que desde hai varios anos concede a Fundación Otero Pedrayo e que se entrega no Pazo de Trasalba en Xuño. Del Riego, que desde hai décadas desenvolveu un titánico labor de divulgación e de investigación da nosa cultura, é quen, tendo tras de si unha biografía densa de gallegismo, ás voltas coa política e as dramáticas peripécias do século, mellor merece un recoñecemento tan ligado a Otero Pedrayo.

A Editorial Galaxia, a Fundación Penzol, e outros moitos organismos, pequenos e grandes que son parte do noso patrimonio cultural, tiveron e tienen a el como entusiasta animador. Agora está a preparar unha obra que, sabendo da sua documentadísima biblioteca e hemeroteca, de seguro que axudará a desvelar moitas das claves do noso inmediato pasado político. □

tal ourensá, aspira a centralizar e irradiar a obra oteriana nunha perspectiva semellante á da Casa Museo de Rosalía de Castro —a Rota Oteriana é a galiza intelectual.

Xosé Manuel Rodríguez Salgado está organizando unha exposición, que terá carácter itinerante polas sete ciudades más importantes de Galiza e que recorrerá a obra e a vida de Otero acompañándose dun catálogo e unha produción videográfica.

No terceiro audiovisual o Obra-dorio Galego de Creación Audiovisual está a preparar un diaporama (montaxe multivisión en dia-positivas), financiado pola Consellería de Cultura, e que será exhibido durante todo o ano nos centros de ensino.

Por fin a edición das suas obras

En marcha están, asimismo, libros e ediciones distintas da obra de Otero e sobre Otero. Así, Galaxia, da que el foi primeiro presidente cuando a sua fundación inicialmente resistencial da cultura gallega, ten os direitos sobre o seu legado literario e anuncia a edición dunha obra completa —que non todas as obras—. Ir Indo Ediciones vai publicar a obra de Xosé Ramón Quintana e Marcos Valcarcel. "Facer o lirismo histórico. Introducción a Otero Pedrayo", un libro multifacético que aborda tanto a ideología como a obra literaria e a acción política de Otero. Xesús Alonso Montero está a recoller e preparar a edición da súa poesía editada e esparsa e a Fundación Barrié publicará catro das suas novelas en español, "Las palmas del convento", "Adolescencia", "La fiesta del Conde Bernstein" e "La vocación de Adrián Silva".

X.C.

Nova directiva da AELG con Novoneyra como presidente

A Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) ven de eleixir unha nova Xunta Directiva, para un período ordinario de dous anos, á frente da cal se atopa Uxío Novoneyra. O proceso de elección requirió de dúas reunións, depois de que unha primeira convocatoria, o pasado 5 de Febreiro, fose suspendida despois dun forte debate durante o que se retirou a candidatura encabezada por Vicente Freixanes.

A nova directiva está formada por Uxío Novoneyra como presidente; Lois Díéguez, vicepresidente; Xosé María Dobarrío, secretario; Cipriano Jiménez, Castrillo, tesouero. Os vogais eleixidos son Francisco Pillard Mayor, Miguel Sande, Pilar Vázquez Cuestia, Xavier Alcalá, María do

Carmo Henriquez Salido e Xosé Lois García.

Victor Freixanes declarou a ANT que a candidatura que el encabezaba "xá se retirou o próprio 5 de Febreiro á vista do rexeitamento a priori que había cara el" é que non queríamos entrar a dividir a xente", engadindo que "o único futuro para a AELG é construir unha asociación na que todos os escritores teñan acollida respetándose as diferencias que poda haber entre eles. A AELG non pode ser patrimonio de ningún grupo político nen de amigos. Ten que ser un ágora aberta para que nelas se encontren e discutan, sen crispación, todas as posturas".

Pola sua banda Uxío Novoneyra, que no proceso de elección foi escoltado como presidente para despois ir articulando entre os

asistentes á Asamblea o conxunto da nova directiva, remitiuse á primeira reunión da mesma para traçar un programa de actuación, pero insistiu en que era preciso seguir a reclamar unha axuda de parte das institucións para a AELG, que até agora redúcese pontualmente aos Encuentros de Escritores, "a autonomía ten unha débeda histórica cos escritores aos que sempre lle negou o pan e a sal". Novoneyra defenderá "a libertade de creación a respeito das normatividades lingüísticas polas non é admisible que se nos queira impor unha interlingua". Anunciou a intención de que nun futuro congreso de escritores galegos se puidese chegar a un acercamiento de posicións "pese á dificuldade e ás distancias entre os posicionamentos".

X.C.